



### XUNTA DE GALICIA

#### AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA, solicita de Augas de Galicia un caudal de 131,4 m<sup>3</sup>/ano de augas procedente dun pozo, no lugar da Serra do Xistral, na parroquia do Viveiró, no concello de Muras (Lugo), con destino a uso doméstico. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: **DH.A27.69573**.

As características do aproveitamento son:

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>SOLICITANTE:</b>         | Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, SA |
| <b>VOLUME MÁXIMO ANUAL:</b> | 131,4 m <sup>3</sup> /ano                     |
| <b>CAUDAL INSTANTÁNEO:</b>  | 0,6 l/s                                       |
| <b>DESTINO:</b>             | doméstico                                     |
| <b>ORIXE:</b>               | pozo  |
| <b>LUGAR:</b>               | Serra do Xistral                              |
| <b>PARROQUIA:</b>           | O Viveiró                                     |
| <b>CONCELLO:</b>            | Muras   |

#### Descrición:

As augas cáptanse mediante pozo situado na parcela 27033A053000350000FX e condúcense ata o inmovible situado na parcela 27033A053000070000FS, a unha distancia duns 40 m do pozo, onde se empregarán para uso doméstico en centro de telecomunicacións.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Muras ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 14 de xuño de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo (P.S. Resol. Dirección Augas de Galicia 18/08/2021) - O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 1643

### CONCELLOS

#### LOURENZÁ

##### Anuncio

#### EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MAIO 2022

#### EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 13 de xuño de 2022, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Maio de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil seiscientos trinta e dous euros con trinta e tres céntimos de

euro( 3.632,33€) , tres mil corenta e sete euros con trinta e tres céntimos de euro (3.047,33€) correspondente a dependencia , e cinco centos oitenta e cinco euros ( 585,00€) son de libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 13 de xuño de 2022.- A Alcaldesa – Presidente, D<sup>a</sup>. Rocío López García.

R. 1644

---

## **MONFORTE DE LEMOS**

### *Anuncio*

En cumprimento do artigo 90 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 3 do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se ditan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do devandito imposto, as matrículas do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2022 pónense a disposición do público no Concello de Monforte de Lemos, dende o día 27 de xuño ao 12 de xullo de 2022.

Contra os actos administrativos de inclusión, exclusión ou alteración de datos censais cabe interpoñer no prazo dun mes a contar dende o inmediato seguinte ao da finalización do período de exposición da matrícula, recurso de reposición ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou reclamación económico administrativo ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional.

Monforte de Lemos, 6 de xuño de 2022.- O alcalde -presidente, José Tomé Roca.

R. 1645

---

## **MONTERROSO**

### *Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2022 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de un posto de técnico de educación infantil (50% xornada) con cargo o programa de fomento do emprego 2022 da Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-técnico educación infantil (50% xornada).

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso noprazo de **cinco**días hábiles contados a partir do seguinteódapublicación do estrato das Bases no BOP de Lugo.

---

Monterroso, 15 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 1646

---

#### *Anuncio*

Por Decreto de alcaldía de data 15 de abril de 2022 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal dun posto de técnico de deportes (xornada completa-3 meses) con cargo ao programa de fomento do emprego 2021 da Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Técnico deportes.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cincodías hábiles contados a partir do seguinte día de publicación do extracto das bases no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas na sede electrónica do Concello de Monterroso (<https://monterroso.sedelectronica.es/>) e no taboleiro de edictos do Concello.

Monterroso, 15 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 1647

---

#### *Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2022 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de dous postos de peóns de limpeza (75% xornada) con cargo ao programa de fomento do emprego 2022 da Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Dous peóns de limpeza (75% xornada).

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cincodías hábiles contados a partir do seguinte día de publicación do extracto das Bases no BOP de Lugo.

Monterroso, 15 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 1648

---

#### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2022 aprobáronse as bases para a selección de tres postos de operarios-condutores do vehículo motobomba o abeiro do Convenio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia e asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Tres operarios-condutores do vehículo motobomba.

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte día de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro do taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 15 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 1649

---

#### *Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 11 de 2022, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día **13 de maio de 2022** polo importe de **douscentosoitenta e sete mil trescentos treinta euros con cincuenta e oito céntimos (287.330,58)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación

co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de ser aprobado dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

|        |                                     |              |
|--------|-------------------------------------|--------------|
| Cap. 1 | Gastos de Persoal                   | 1.600.904,61 |
| Cap. 2 | Gastos en benscorrentes e servicios | 1.198.023,05 |
| Cap. 3 | Gastos Financeiros                  | 1.180,00     |
| Cap. 4 | Transferencias Correntes            | 101.658,07   |
| Cap. 6 | Inversións Reais                    | 632.482,45   |
| Cap. 7 | Transferencias de Capital           | 3.000,00     |
| Cap. 9 | Pasivos Financeiros                 | 37.143,20    |

SUMA TOTAL .....3.574.391,38 euros

O que se fai público para xeralcoñecemento e efectos.

Monterroso, 16 de xuño de 2022.- A ALCALDESA, Rocio Seijas Vázquez.

R. 1658

## OUTEIRO DE REI

### Anuncio

#### APROBACIÓN INICIAL DE OCUPACIÓN DIRECTA

José Pardo Lombao, Alcaidedo Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Con datade 4 de maio de 2022, mediante decreto de Alcaldía iniciouse o procedemento para a ocupación directa do solo urbanizable delimitado de uso industrial (8º fase) para a execución do proxecto senda peonil e ciclista de carretera de Castro a Bonxe.

Acreditada a necesidade da ocupación para a execución do proxecto e ao amparo do disposto no artigo 131 da Lei 2/2016, do solo de Galicia acordouse:

**PRIMEIRO**.-Aprobar inicialmente a ocupación directa das seguintes fanxas de terreo:

| Parcela        | 8ªFASE             |                            | MATELA II          |                            | Titular   |
|----------------|--------------------|----------------------------|--------------------|----------------------------|---|
|                | Superficie ocupada | Edificabilidade recoñecida | Superficie ocupada | Edificabilidade recoñecida |   |
| 4837602PH1743N | 1.366 m2           | 1.147m2                    |                    |                            | Ingapan S.L.U                                   |
| 4837614PH1743N | 29m2               | 24m2                       |                    |                            | Ingapan S.L.U                                   |
| 5140506PH1754S | 21m2               | 17m2                       |                    |                            | Magdalena Lombao Ferro<br>Paulino Méndez Varela |
| 5140507PH1754S | 1.619 m2           | 1.360m2                    |                    |                            | Josefa Castro Vázquez                           |
| 5140508PH1754S | 218m2              | 183m2                      |                    |                            | Carmen Castro Vázquez                           |
| 5140510PH1754S |                    |                            | 11 m2              | 6m2                        | Forlens, SL                                     |
| 5140513PH1754S |                    |                            | 920m2              | 510m2                      | Ramil Incubación Avícola SA                     |
| 5140522PH1754S |                    |                            | 79m2               | 44m2                       | José Vilanova Fernández                         |
| 5140523PH1754S | 221m2              | 185m2                      |                    |                            | Elías Lombao Lombao                             |
| 5140524PH1754S | 115m2              | 96m2                       |                    |                            | Forlens, SL                                     |
| 5140530PH1754S | 52m2               | 43m2                       | 79m2               | 44m2                       | Forlens, SL                                     |
| 5140535PH1754S |                    |                            | 9m2                | 8m2                        | Forlens, SL                                     |
| 5140536PH1754S | 127m2              | 107m2                      | 327m2              | 181m2                      | Forlens, SL                                     |

**SEGUNDO:** Outorgar aos interesados un prazo de alegacións que quince días a contar dende a práctica da presente notificación, duren os cales poderán alegar o que estimen conveniente aos seus intereses.

Outeiro de Rei, 14 de xuño de 2022.-O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1650

---

## RIBADEO

### *Anuncio*

**Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa sobre a Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local con Elementos con Finalidade Lucrativa (TERRAZAS-BAR), para o exercicio 2022 e apertura do período de cobramento.**

Por Decreto desta Alcaldía de data 9 de xuño de 2022, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

- Padrón da taxa sobre a Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local con Elementos con Finalidade Lucrativa (TERRAZAS-BAR), para o exercicio de 2022, polo importe de oito mil setecentos vinte e seis con cincuenta e dous euros (8.726,52€).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 30 de xuño de 2022 e o 31 de agosto de 2022, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 10 de xuño de 2022.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 1651

---

## RIBAS DE SIL

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 10/06/2022 o Padrón SAF do mes de maio de 2022, por medio do presente exponse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de

constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 15 de xuño de 2022.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1652

---

## RIOTORTO

### *Anuncio*

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de suministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao primeiro cuadrimestre de 2022, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do término do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 20 de xuño e o 20 de xullo de 2022.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 15 de xuño de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1653

---

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2022, acordou aprobar o proxecto técnico "Rede de saneamento do lugar de Galegos, Fase II".

Así mesmo, acordouse expoñer ao público o citado proxecto polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

Riotorto, 13 de xuño de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1654

---

## TABOADA

### Anuncio

#### RELACIÓN DE APROBADOS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Concluindo o procedemento para PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN POLO PROCEDEMENTO DE PROMOCIÓN INTERNA, E POR SISTEMA DE OPOSICIÓN RESTRINXIDA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022, regulado nas Bases reguladoras da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 88 de data 19 de abril de 2022 e no Boletín Oficial da Provincia nº 91 de data 22 de abril de 2022.

Publícase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación, que é a seguinte

| APELIDOS DE NOME            | DNI        | PUNTUACIÓN PRIMIERO EXERCICIO | PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO | PUNTUACIÓN TOTAL |
|-----------------------------|------------|-------------------------------|------------------------------|------------------|
| FERNANDEZ LOPEZ JOSE MANUEL | **6180***Q | 17,50                         | 20,00                        | 37,50            |

Atendendo á anterior lista, propónse o nomeamento a favor de:

|                             |            |
|-----------------------------|------------|
| FERNANDEZ LOPEZ JOSE MANUEL | **6180***Q |
|-----------------------------|------------|

O aspirante proposto deberá acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días desde a publicación do presente anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

Taboada, 15 de xuño de 2022.- El Alcalde, Ramiro MoureAnsoar.

R. 1655

## XERMADE

### Anuncio

#### Asunto: aprobación inicial de expediente de transferencia de crédito núm. 2022/TC/03.

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 9 de xuño de 2022, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2022/TC/03, do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito, por importe de 12.488,16€.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, 14 de xuño de 2022.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1656

## XOVE

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 14/06/2022 aprobouse a ampliación da Convocatoria publicada no BOP núm. 121 de data 28/5/2022 para a provisión de dúas (2) prazas de Informador/a Turístico como persoal laboral temporal.

O obxecto da citada ampliación e a provisión de unha (1) das prazas.

Todo o proceso selectivo rexirase integramente polo disposto nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 19 de maio de 2022 e publicadas no citado BOP núm 121.

---

O prazo de presentación de instancias para participar neste proceso será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación do presente anuncio no BOP.

Xove, 15 de xuño de 2022. O Alcalde.- Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1657

---

*Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 16 de xuño dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 6/2.022, de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, por importe de 79.500,00 €.

De conformidadeco establecido no artigo 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das FacendasLocais, exponseao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno. Non obstante, por aplicación do apartado 6 do artigo 177 do citado texto legal, o presente expediente terá carácter inmediatamente executivo.

No suposto de que non se presenten reclamaciónsconsiderarase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, 16 de xuño de 2022. O Alcalde.- Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1659

---